

Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 228, do 7.3.1988.

Emendas, BOPG núm. 245, do 19.4.1988.

Debate de totalidade, DSPG núm. 85, do 26.4.1988.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 268, do 14.6.1988.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 275, do 24.6.1988.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 275, do 24.6.1988.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núms. 94, do 28.6.1988, e 95, do 29.6.1988.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 281, do 7.7.1988.

Corrección de erros: BOPG núm. 290, do 17.9.1988.

Diario Oficial de Galicia núm. 164, do 26.8.1988. Corrección de erros: DOG núm. 184, do 23.9.1988.

Boletín Oficial del Estado núm. 238, do 4.10.1988.

Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia

Pola Lei 1/1996, de regulación das actividades feirais de Galicia, foi derogado o título IV e mailo artigo 34 desta lei.

Pola Sentencia do Tribunal Constitucional 228/1993, do 9 de xullo, declarouse a inconstitucionalidade e nulidade dos artigos 11, 12, 15.4, 16.4, 21.2.c), último inciso («que non poderá ser inferior a dous días consecutivos nin superior a treinta días»), e 44.3, último inciso («previsto nos artigos 11 e 12»).

De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 30.I.4, correspóndelle á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva en materia de comercio interior, sen prexuício da política xeral de precios e da lexislación sobre a defensa da competencia nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1.11.º e 13.º da Constitución.

No citado marco estatutario, a presente Lei é a canle normativa axeitada para posibilitar unha ordenación do comercio interior de Galicia, acomodada ás características peculiares da estrutura económica e comercial da nosa Comunidade Autónoma. Todo isto enmarcado dentro do principio de liberdade que debe rexer, dentro das limitacións impostas pola defensa da libre e leal competencia, a circulación de bens e a defensa e garantía dos intereses dos consumidores.

Nos últimos anos estase a producir unha modificación substancial na nosa tradicional estrutura comercial, ademais da introdución e extensión de novos sistemas de venda cun progresivo maior peso específico. Tendo en conta a importancia que as pequenas e medianas empresas teñen na nosa Comunidade Autónoma, faise necesaria a regulación desta materia pola Xunta de Galicia, co fin de que as condicións de competitividade e igualdade entre os distintos axentes que integran este tipo de actividade sexan reais e efectivas. Por outra banda, trátase de que a introducción das novas formas, técnicas e prácticas comerciais e das grandes empresas se realice de forma equilibrada e ordenada, limitando, no posible, as tensións que se derivan dos cambios da estrutura, sen que isto supoña unha rémora para a necesaria modernización e a adecuación do equipamento comercial.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de ordenación do comercio interior de Galicia.

Título I

Obxecto e ámbito da Lei

Artigo 1

1. A presente Lei ten por obxecto a regulación administrativa da actividade comercial desenvolvida no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e a ordenación e mellora das súas estruturas comerciais.

2. Quedan excluídas do ámbito da presente Lei aquelas actividades comerciais que, en razón da súa natureza, se encontran reguladas por unha lexislación especial ou normativa específica, entre outras:

a) Os servicios de transporte, bancarios e seguros.

b) O exercicio de profesións liberais.

c) Os servicios de hostelería, cafeterías, bares e restaurantes.

d) Os servicios de reparación, mantemento e asistencia técnica.

Artigo 2

1. Para os efectos desta Lei, enténdese por actividade comercial

a realizada por persoas físicas ou xurídicas, consistente en colocar ou ofrecer no mercado produtos naturais ou elaborados por conta propia ou allea, así como aqueles servicios que dela se deriven.

2. Será actividade comercial de carácter maiorista o exercicio habitual de adquisición de produtos en nome e por conta propios e a súa revenda a outros comerciantes maioristas, minoristas ou empresarios industriais ou artesáns para a súa transformación, ata o termo do proceso de produción.

3. Será actividade comercial de carácter minorista o exercicio profesional de adquisición de produtos, en nome e por conta propios, para a súa revenda ó consumidor final. Igualmente, terá este mesmo carácter a venda realizada polos artesáns dos seus produtos no seu propio taller.

4. Non se modificarán as anteriores calificacións de actividade comercial de carácter maiorista ou minorista polo eventual sometemento da mercadoría a procesos de transformación, tratamento ou acondicionamento que sexan usuais no comercio.

5. Queda tamén sometida a esta Lei a actividade que realicen os empresarios ou os profesionais que conclúan operacións comerciais por conta doutra persoa, en nome desta ou no propio, ou que de forma permanente promovan, preparen ou cooperen á conclusión de operacións comerciais.

Título II

Da actividade comercial

Capítulo I

Das formas e condicións do exercicio da actividade comercial

Artigo 3

1. A actividade comercial exercerase conforme ó principio de liberdade de empresa no marco da economía de mercado.

2. Poderá realizar actividades comerciais quen ostente a capacidade xurídica necesaria para ser comerciante conforme á lexislación mercantil e de conformidade co establecido nesta Lei.

Artigo 4

Sen prexuício da liberdade da empresa, a Xunta de Galicia, dentro do marco das súas competencias, establecerá as condicións para realizar actividades comerciais suxeitas a unha especial concesión ou autorización administrativa, así como para as que requiran un tratamento singular por razón da natureza do produto, do servizo prestado ou por consideracións de servizo público.

Artigo 5

1. A actividade comercial definida no artigo 2 deberá exercerse en establecemento comercial, salvo as excepcións previstas nesta Lei.

2. Para tales efectos considéranse establecementos comerciais os locais edificados e as construcións e instalacións fixas e permanentes, cubertas ou sen cubrir, exteriores ou interiores a unha edificación con ou sen escaparates, nos que se realice profesionalmente a actividade comercial.

Capítulo II

Da apertura de establecementos comerciais e requisitos para o exercicio da actividade comercial

Artigo 6

1. As licencias de apertura dos establecementos comerciais serán concedidas polos Concellos conforme á normativa vixente e ó establecido nesta Lei e nas súas normas de desenvolvemento.

2. A Xunta de Galicia, con carácter xeral, establecerá as normas ás que se deberán axustar as ordenanzas municipais e os plans de urbanismo en materia de implantación de establecementos comerciais.

Artigo 7

1. Para a apertura ou ampliación de establecementos comerciais con superficie de venda minorista de produtos diversos superior a 2.000 metros cadrados no caso de concellos con poboación superior a 50.000 habitantes, ou 1.000 metros cadrados no caso de concellos con poboación comprendida

entre 9.000 e 50.000 habitantes, ou 500 metros cadrados no caso de concellos con poboación inferior a 9.000 habitantes, requirirase a autorización da Consellería de Industria, Comercio e Turismo, logo de informe da Comisión Consultiva de Distribución e Ordenación Comercial.

2. A Consellería de Industria, Comercio e Turismo deberá resolver a petición de autorización no prazo máximo de tres meses a partir da correspondente solicitude de apertura ou ampliación, tendo en conta as disposicións legais e regulamentarias aplicables en cada caso.

Capítulo III

Da Comisión Consultiva de Distribución e Ordenación Comercial

Artigo 8

Créase a Comisión Consultiva de Distribución e Ordenación Comercial como órgano consultivo da Consellería de Industria, Comercio e Turismo coas seguintes funcións:

a) Emitir os informes previstos nos artigos 7 e 24 desta Lei.

b) Emitir informes naquelas materias que regulamentariamente se lle outorguen.

Artigo 9

A Comisión Consultiva de Distribución e Ordenación Comercial terá a seguinte composición:

a) O Conselleiro de Industria, Comercio e Turismo, que a presidirá.

b) O Director Xeral de Comercio, que será o Vicepresidente.

c) Un representante por cada unha das Consellerías de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, de Agricultura, de Pesca e de Sanidade.

d) Dous representantes da Consellería de Industria, Comercio e Turismo.

e) Catro representantes do Consello Consultivo das Cámaras de Comercio, Industria e Navegación.

f) Catro representantes das organizacións empresariais e catro representantes da Federación Galega de Comercio.

g) Seis representantes das organizacións sindicais máis representativas na Comunidade Autónoma.

h) Catro representantes das organizacións de consumidores e dous das asociacións de amas de casa.

i) Dous representantes polos concellos de máis de 50.000 habitantes.

l) Dous representantes polos concellos de máis de 9.000 e menos de 50.000 habitantes.

ll) Dous representantes polos concellos de menos de 9.000 habitantes.

m) Catro representantes da Federación da Pequena e Mediana Empresa e dous dos vendedores ambulantes.

Cando se trate de emiti-lo informe do artigo 7 desta Lei, asistirá ademais un representante do Concello correspondente.

A elección dos representantes incluídos nos apartados e), f), g), h), i), l), ll) e m) deste artigo será establecida regulamentariamente. Os membros da Comisión Consultiva de Distribución e Ordenación Comercial serán nomeados polo Conselleiro de Industria, Comercio e Turismo.

Capítulo IV

Requisitos xerais para o exercicio da actividade comercial

Artigo 10

Son requisitos xerais para o exercicio da actividade comercial:

a) Posuí-la condición de comerciante segundo a lexislación mercantil.

b) Ter licenza fiscal.

c) Acreditar, se é o caso, a titulación e colexiación oficial, así como a prestación das fianzas e daquelas garantías que sexan esixidas pola lexislación vixente, para a venda de determinados produtos ou prestación de determinados servizos.

d) Ter cumpridas as súas obrigas, se é o caso, en materia de Seguridade Social, para o inicio da actividade e estar en posesión dos correspondentes permisos e licenzas municipais expedidos polos Concellos.

e) No caso de extranxeiros, acredita-lo cumprimento da normativa específica vixente.

A Xunta de Galicia procederá á creación dun Rexistro de Comerciantes e Comercios, e unha vez creado esixirase a inscrición dos comerciantes e dos seus establecementos para poderen exercer-las actividades, na forma que se determine regulamentariamente.

Capítulo V

Horarios comerciais

Artigo 11

1. O exercicio da actividade comercial, dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolverase entre as 8 e as 22 horas, cun máximo semanal de 60 horas, sen que isto poida prexudicar-las dereitos recoñecidos ó traballador pola lexislación laboral vixente.

2. Non se lles aplicará o disposto no apartado anterior no referente ó horario de apertura e número de horas semanais ós establecementos de venda de prensa, carburantes e confiterías, nin tampouco ós instalados nas estacións marítimas, de ferrocarril, de autobuses

ou aeroportos. Tampouco se lles aplicará ás farmacias nin a outros establecementos nos que o rexime de apertura proveña de obriga legal ou regulamentaria específica. En ningún caso se poderá expender, fóra do horario xeral, outros artigos que aqueles que xustifiquen a excepcionalidade.

3. Regulamentariamente, fíxase un horario mínimo de coincidencia de mañá e tarde.⁽¹⁾

Artigo 12

1. Os domingos e festivos considéranse inhábiles. Non obstante, a Xunta de Galicia poderá autorizar anualmente a apertura de ata un total de tres días, domingos ou festivos, logo de solicitude das asociacións de comerciantes, na forma que regulamentariamente se determine.

2. Os establecementos ubicados en localidades nas que se celebren tradicionalmente feiras e mercados de marcado carácter agropecuario poderán abrir aqueles domingos ou festivos que coincidan con tales celebracións.

Así mesmo, con excepción, poderán abri-los establecementos minoristas do sector da alimentación durante a mañá do primeiro día festivo cando coincidan dous ou máis festivos consecutivos.

3. A Consellería de Industria, Comercio e Turismo, excepcionalmente, poderá autoriza-la ampliación do horario fixado no artigo anterior, en determinadas localidades ou comarcas, ou en todo o ámbito da Comunidade Autónoma.

Regulamentariamente, establecerase o procedemento, prazos e demais requisitos que se deberán ter en conta para estas solicitudes.

4. Non se lles aplicará o disposto no punto primeiro ós establecementos de venda de prensa, carburantes, confiterías, nin tampouco ós instalados nas estacións marítimas, de ferrocarril e de autobuses, aeroportos ou nas localidades con pasos fronteirizos. Tampouco se lles aplicará ás farmacias ou outros establecementos nos que o rexime de apertura proveña de obriga legal ou regulamentaria específica. En ningún caso se poderán expender, fóra do horario xeral, outros artigos que aqueles que xustifiquen a excepcionalidade.⁽²⁾

Artigo 13

Os establecementos comerciais deberán expoñer en lugar visible os días e as horas de apertura para a adecuada información ó público, visada pola Consellería de Industria, Comercio e Turismo.

(1) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 11 foi declarado nulo e inconstitucional pola Sentencia do Tribunal Constitucional 228/1993, do 9 de xullo.

(2) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 12 foi declarado nulo e inconstitucional pola Sentencia do Tribunal Constitucional 228/1993, do 9 de xullo.

Título III

Modalidades especiais de venda

Capítulo I

Definición

Artigo 14

Entenderanse por vendas especiais, para os efectos desta Lei, aquelas que presentan características diferentes da venda ordinaria: rebaixas, saldos, liquidación, promoción, venda ambulante, vendas a domicilio, vendas a perda, vendas a distancia.

Os termos «rebaixas», «saldos», «liquidación» e «promoción» unicamente poderán empregarse para anunciar vendas definidas como tales, conforme á presente Lei. Toda venda especial que, aínda anunciándose con distinta denominación, reúna as características de calquera daquelas formas de venda entenderase asimilada á mesma e quedará suxeita á súa regulamentación específica.

Capítulo II

Venda en rebaixas

Artigo 15

1. Entenderase por vendas en rebaixas aquelas realizadas polos comerciantes a precios inferiores ós habituais, acompañadas de publicidade, na que se deberá expresar claramente o período de vixencia das mesmas.

2. Os letreiros e as etiquetas deben exhibir de forma ben visible o precio anterior e o novo precio ou, en substitución deste último, a porcentaxe de redución.

3. Queda prohibida a venda en rebaixas daqueles produtos deteriorados ou adquiridos expresamente para tal fin. Non poderán ser obxecto de rebaixas aqueles produtos que non fosen postos á venda con anterioridade.

4. Entre a finalización dun período de rebaixas e o comezo doutro novo deben transcorrer polo menos centro trinta e cinco días naturais.⁽³⁾

Capítulo III

Vendas de saldos

Artigo 16

1. Enténdese por venda de saldo aquela que ten por obxecto a venda de produtos cun valor de mercado manifestamente diminuído como consecuencia do deterioro, desperfecto ou desuso, acompañada de publicidade, na que se deberán expresar claramente as causas que motivan a dita venda e o período de vixencia da mesma.

2. Os letreiros, que deben acompañalos produtos en saldo,

(3) Reprodúcese a versión orixinal. O apartado 4 do artigo 15 foi declarado nulo e inconstitucional pola Sentencia do Tribunal Constitucional 228/1993, do 9 de xullo.

deben indicar en termos claros o precio de cada artigo ou precio único para un conxunto de artigos perfectamente identificados.

3. Non se poderán saldar aqueles produtos adquiridos para tal fin. Non poderán ser obxecto de saldo aqueles produtos que non fosen postos á venda con anterioridade e que non estivesen en poder do comerciante polo menos con seis meses de antelación ó inicio do mesmo.

O comerciante quedará obrigado a advertirille ó comprador as circunstancias concretas que concorren no produto que é obxecto da venda de saldos.

4. Entre a finalización dun período de saldos e o comenzo doutro novo deben transcorrer alomenos seis meses.⁽⁴⁾

Artigo 17

Para a venda de saldos con carácter habitual e permanente será preciso que o establecemento comercial estea adicado exclusivamente a esta clase de vendas. No rótulo do establecemento deberá recollerse claramente esta circunstancia.

Estes establecementos quedan exceptuados do requisito establecido no punto 3 do artigo anterior.

(4) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 4 do artigo 16 foi declarado nulo e inconstitucional pola Sentencia do Tribunal Constitucional 228/1993, do 9 de xullo.

Artigo 18

Nun mesmo establecemento comercial non poderán realizarse ó mesmo tempo vendas de saldos e vendas de rebaixas.

Capítulo IV

Venda en liquidación

Artigo 19

1. Enténdese por venda en liquidación aquela de carácter excepcional na que concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) O cesamento total ou parcial da actividade comercial. No suposto de cesamento parcial deberá indicarse a clase de mercadorías obxecto de liquidación.

b) O cambio de actividade.

c) O pechamento do local.

d) Forza maior ou sinistro que impida o normal exercicio da actividade comercial.

e) A execución de resolución xudicial, arbitral ou administrativa.

2. A venda en liquidación limitase ós produtos ou artigos que formen parte das existencias do establecemento.

3. En toda publicidade dunha venda en liquidación deberán indicarse as causas que a motivan, así como a data de comenzo e duración da mesma.

4. A venda en liquidación deberalle ser comunicada previamente á Delegación Provincial da Consellería de Industria, Comercio e Turismo, e indicarse a causa, a data de comenzo e a duración da mesma, que en ningún caso poderá ser superior a seis meses.

Deberá exhibirse en lugar visible do establecemento comercial unha copia da comunicación efectuada á Delegación Provincial da Consellería de Industria, Comercio e Turismo.

Artigo 20

As vendas en liquidación deberán efectuarse no mesmo local no que os produtos foron habitualmente obxecto de venda, salvo nos casos c) e d) do artigo anterior.

Capítulo V

Vendas de promoción

Artigo 21

1. Para os efectos desta Lei, enténdese por venda de promoción aquela que ten por finalidade dar a coñecer un novo produto ou artigo, ou conseguí-lo aumento da venda dos existentes entre os consumidores.

A venda de promoción deberá ofrecerlles ós compradores condicións máis avantaxosas cás xa existentes ou cás que se pretenda ofrecer no futuro, mediante descontos, regalos, premios ou calquera outro incentivo.

2. A venda de promoción deberá ir precedida ou acompañada de anuncio, no que deberá figurar con claridade:

a) O produto ou produtos obxecto de promoción.

b) As condicións da venda.

c) O período de vixencia da promoción, que non poderá ser inferior a dous días consecutivos nin superior a trinta días.⁽⁵⁾

3. Os produtos obxecto de venda promocional non poderán estar afectados por ningunha causa que reduza o seu valor.

Capítulo VI

Venda ambulante

Artigo 22

1. Son vendas ambulantes, para os efectos da presente Lei, aquelas realizadas en forma habitual, periódica ou ocasional fóra dun establecemento comercial e na vía pública ou en solares, ou en espazos libres, en postos ou instalacións desmontables ou en vehículos.

2. As vendas feitas dentro dos locais ou dos recintos ocupados

(5) Reprodúcese a versión orixinaria. O último inciso («que non poderá ser inferior a dous días consecutivos nin superior a trinta días») do apartado 2.c) do artigo 21 foi declarado nulo e inconstitucional pola Sentencia do Tribunal Constitucional 228/1993, do 9 de xullo.

por un certame feiral non terán a consideración de ambulante.

Artigo 23

A venda ambulante unicamente poderá levarse a cabo en mercados periódicos ou ocasionais, anexos a mercados fixos ou en postos instalados na vía pública que sexan desmontables ou en vehículos.

Para tales efectos enténdese por:

a) Venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada en poboacións, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida. Dentro deste apartado están encadradas, entre outras, as realizadas en feiras, *mercadillos* e *chambos*.

b) Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos ós mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións.

c) Venda ambulante en postos instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.

d) Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que teñan lugar con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.

e) Venda ambulante mediante camións ou vehículos-tenda: aque-

la realizada nos citados medios e autorizadas en zonas ou lugares determinados.

Artigo 24

Correspóndelles ós Concellos, con suxección ó disposto nesta Lei e de acordo coa súa normativa específica, a determinación dos lugares e dimensións, así como os días, horario e frecuencia da venda ambulante. Para a súa determinación terán en conta os seguintes aspectos:

a) Nivel de equipamento comercial da zona.

b) Densidade de tráfico e circulación.

c) Acceso a locais comerciais ou industriais, ós seus escaparates ou exposicións.

d) Acceso ós edificios de uso público.

e) Condicións para garantir a debida sanidade e hixiene.

f) Interese dos consumidores.

g) Tradición e raigame no concello deste modo de venda.

Artigo 25

Os Concellos determinarán, dentro dos lugares sinalados, os produtos obxecto de comercialización. Deberán exercer-lo debido control hixiénico e sanitario, en especial dos produtos perecedeiros e de alimentación, de acordo coa lexislación e coas ordenanzas vixentes.

Artigo 26

Para o exercicio da actividade de venda ambulante esixírase, ademais dos requisitos sinalados con carácter xeral no artigo 10 desta Lei, dispoñer da correspondente autorización municipal para o exercicio da venda ambulante no respectivo concello e satisfacer os tributos municipais aplicables para este tipo de venda.

Artigo 27

Correspóndelles ós Concellos a inspección e sanción en materia de venda ambulante, sen prexuício das competencias atribuídas a outras Administracións.

Capítulo VII

Vendas a domicilio

Artigo 28

1. Considéranse vendas a domicilio aquelas formas de distribución comercial minorista nas que a transacción ou os contratos son propostos ou concluídos directamente polo comerciante, ou a través de empregados ou representantes, no domicilio do consumidor, con presenza física de ámbalas dúas partes.

2. Terán a mesma consideración aquelas que se realicen, da forma anteriormente descrita, no lugar de traballo, reunión ou estancia ocasional do consumidor, así como a denominada «venta en reunións», onde a oferta se efectúa

mediante demostración practicada ante un grupo de persoas en reunión especialmente organizada, por petición do vendedor, no domicilio dun deles ou en local que non sexa destinado a establecemento comercial.

Artigo 29

Os comerciantes que exerzan este tipo de vendas deberán cumprir, ademais dos requisitos de carácter xeral sinalados no artigo 10 desta Lei, todos aqueles establecidos nas regulamentacións específicas aplicables ós produtos obxecto de venda.

Artigo 30

Os vendedores domiciliarios deberán exhibirlle ó comprador a documentación que acredite a súa condición e que identifique a empresa que representan e os produtos que están autorizados a ofrecer. As empresas que exerzan a venda domiciliaria virán obrigadas a levar e a ter á disposición das autoridades competentes unha relación actualizada das persoas que, no seu nome, se encarguen da presentación das ofertas, da preparación ou da conclusión dos contratos.

Capítulo VIII

Vendas a perda

Artigo 31

1. Para os efectos desta Lei, considéranse vendas a perda as vendas que fai un comerciante a precio

inferior ó de compra ou de reposición, se o novo aprovisionamento se fixo ou se pode facer á baixa.

2. Enténdese por precio de compra para o comerciante, nas mercadorías ou artigos vendidos a perda, o que resulta de deducir do precio unitario que figura nas facturas as bonificacións de calquera tipo e de incorporar ó mesmo os gravames que sexan componentes do custo do artigo, así como os correspondentes portes desde o almacén do subministrador ata o almacén do comprador.

3. Non poderán deducirse as retribucións e bonificacións que signifiquen compensación por servizos prestados.

4. Para os efectos da determinación do precio de compra consideraranse as facturas das mercadorías ou do artigo obxecto da venda a perda.

Capítulo IX

Venda a distancia

Artigo 32

Consideraranse vendas a distancia aquelas formas de distribución comercial minorista nas que os comerciantes lles ofrecen ós consumidores a posibilidade de formular pedido a través de correo, teléfono ou outros medios de comunicación gráfica ou audiovisual das mercadorías ofrecidas mediante catálogos, revistas, periódicos, impresos ou outros medios de comunicación.

Artigo 33

Para a práctica deste sistema de distribución comercial os comerciantes deberán cumprir, ademais dos requisitos sinalados con carácter xeral no artigo 10 desta Lei, tódolos establecidos nas regulamentos específicas aplicables ós produtos obxecto do seu comercio.

Virán obrigados a levar e a ter, á disposición das autoridades competentes, relación actualizada dos produtos que comercializan, das súas ofertas, dos establecementos destinados a almacén e distribución, e dos centros e domicilios destinados para recibilos pedidos ou solicitar información.

As ofertas deberán ser claras e completas, facendo constalos datos de identificación da empresa ofertante, a descrición veraz e comprensible do produto ofrecido, o precio, as condicións de pagamento, os gastos a cargo do comprador e o prazo de envío.

Título IV

Dos certames feirais⁽⁶⁾

Artigo 34

Consideraranse certames feirais ou feiras comerciais aquelas manifestacións de carácter comercial

(6) Reprodúcese a versión orixinaria. O título IV foi derogado pola disposición derogatoria da Lei 1/1996.

que se realicen en Galicia, de forma periódica, e que teñan por obxecto a exposición de bens e servicios por parte de produtores, comerciantes ou artesáns, e nas cales non se realicen vendas directas con retirada de mercadoría do recinto feiral. En casos especiais e en virtude da característica da oferta exhibida, poderase practicala venda directa con retirada da mercadoría, logo de autorización da Consellería de Industria, Comercio e Turismo.⁽⁷⁾

Título V

Protección dos dereitos do consumidor: precios, publicidade e competencia desleal

Capítulo I

Principios xerais

Artigo 35

A Xunta de Galicia, de acordo coa normativa vixente en cada momento, adoptará as accións pertinentes co fin de que os dereitos dos consumidores e usuarios queden garantidos no exercicio das actividades reguladas pola presente Lei.

(7) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 34 foi derogado pola disposición derogatoria da Lei 1/1996.

Capítulo II

Precios

Artigo 36

1. Os precios dos produtos e servicios poderán ser fixados libremente polos comerciantes, sen máis limitacións cás impostas pola lexislación vixente en materia de precios, marxes comerciais e defensa da competencia.

2. Nun mesmo establecemento comercial non se poderán aplicar precios de venda diferentes a un mesmo produto. Se nun produto figuran dous ou máis precios diferentes, o comerciante estará obrigado a vendelo ó precio máis barato dos exhibidos.

Artigo 37

1. O precio en pesetas de todo produto destinado á venda ou servizo ofertado deberá ser exposto ou exhibido ó público de forma explícita e inequívoca, por unidade das usualmente aceptadas no mercado. Nos casos de vendas con pagamentos aprazados deberá exhibirse ó menos o importe de cada prazo, o número total deles e a periodicidade dos mesmos, e o precio total resultante.

2. Non obstante, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Industria, Comercio e Turismo, poderá contemplar supostos excepcionais nos que, fundamentalmente por razóns de segurida-

de, se lles releve desta obriga, sen que isto vaia en detrimento da debida información ó consumidor.

Capítulo III

Publicidade comercial

Artigo 38

1. Para os efectos desta Lei, enténdese por publicidade comercial toda información difundida por calquera medio, co fin de promover-la venda dun produto ou prestación dun servicio, ou de atraer-la atención do consumidor cara a un establecemento ou marca comercial.

2. A publicidade comercial como instrumento encamiñado a orientar-la liberdade de elección, informa-lo consumidor e favorece-la lícita concorrencia no mercado será certa e veraz.

Artigo 39

Non poderá realizarse a publicidade comercial que, baixo calquera forma:

a) Conteña indicacións falsas ou induza a erro ou provoque confusión respecto da identidade, natureza, composición, orixe, cantidade, cualidades substanciais ou propiedades dos produtos ou prestación de servicios, así como do alcance dos compromisos adquiridos polo anunciador.

b) Implique informacións equívocas, denigrantes ou produza o descrédito dos competidores ou dos seus produtos ou servicios.

c) Provoque confusión respecto de produtos, servicios, establecementos, marcas ou actividades doutro comerciante ou competidor.

Artigo 40

1. Correspóndelle á Xunta de Galicia, a través dos órganos competentes, a ordenación e a inspección da actividade publicitaria comercial, así como a regulamentación das condicións necesarias para o seu exercicio.

2. A Xunta de Galicia, a través dos órganos competentes, poderá esixirle, en todo momento, ó comerciante ou ó anunciante a posta á disposición de tódolos elementos que xustifiquen as informacións, indicacións, prestacións e características substanciais dos produtos ou servicios obxecto de publicidade, co fin de comprobala súa veracidade.

Capítulo IV

Competencia desleal

Artigo 41

No exercicio das súas competencias a Xunta de Galicia velará polo cumprimento da lexislación en materia de competencia.

Título VI

Da acción administrativa sobre a actividade comercial

Capítulo I

Da acción xeral

Artigo 42

A acción administrativa desenvolverase respetando o principio de liberdade do exercicio da actividade comercial, a libre e leal competencia conforme á lexislación vixente, a libre circulación de bens e a defensa e garantía dos lexítimos intereses dos consumidores e usuarios.

Artigo 43

1. A acción administrativa sobre a estrutura comercial orientarase principalmente a conseguir a súa modernización mediante a mellora dos equipamentos, procura-la racionalización dos procesos de distribución e de xestión, realizar apoio técnico e financeiro á pequena e mediana empresa comercial, alcanzar servicios comerciais suficientes para os consumidores e, en colaboración con institucións, organizacións e empresas, facilitar-la promoción económica e social de cantos tomen parte na actividade comercial.

2. Con tal fin a Xunta de Galicia, no marco das súas competencias, e segundo os criterios enunciados, dirixirá a súa actuación especialmente a:

— Facilita-la reforma e modernización dos establecementos da pequena e mediana empresa comercial.

— Promove-lo coñecemento e a difusión de novas técnicas e formas de comercialización que contribúan á mellora da produtividade no sector e facilita-la implantación ou adopción destas fórmulas.

— Fomenta-lo perfeccionamento da formación profesional dos comerciantes e empregados do sector, coa colaboración, se é o caso, das Cámaras de Comercio, Industria e Navegación e das organizacións empresariais ou sindicais.

— Realizar estudos e investigacións que permitan un mellor coñecemento das estruturas e do proceso de comercialización.

— Potencia-los movementos asociativos dos comerciantes.

— Impulsar e protexe-la comercialización da artesanía.

Capítulo II

Rexime de infraccións e sancións

Artigo 44

As infraccións ó establecido na presente Lei e nas súas normas de desenvolvemento serán obxecto de sanción administrativa, logo da instrucción do correspondente expediente sancionador, que se

poderá iniciar de oficio ou por denuncia, e en particular:

1.— O incumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 3 e 10 desta Lei.

2.— O exercicio da actividade de venda fóra dun establecemento comercial con incumprimento do disposto no artigo 5.

3.— O incumprimento das normas relativas a horarios comerciais previstos nos artigos 11 e 12.⁽⁸⁾

4.— A información e publicidade que induzan a engano ou confusión, enmascaren a verdadeira natureza do produto ou servizo, ou produzan o descrédito entre os demais competidores.

5.— A apertura ou ampliación de establecementos comerciais ou de servizos sen a autorización preceptiva establecida no artigo 7.

6.— En canto á venda en rebaixas:

6.1.— A venda que non implique auténticas rebaixas de acordo coa presente Lei.

6.2.— A venda de artigos en rebaixa que non se puxesen á venda ó seu precio habitual antes do inicio das rebaixas.

7.— En canto á venda de saldos:

7.1.— A venda de artigos ou produtos baixo a denominación de saldos cando aqueles non se axusten ó establecido no artigo 16 desta Lei e cando os artigos en saldo non se encontrasen debidamente separados do resto dos produtos non saldados.

8.— En canto á venda en liquidación:

8.1.— A venda baixo o anuncio de venda en liquidación ou liquidación que non responda ó establecido no artigo 19 desta Lei.

8.2.— A venda efectuada sen previa comunicación ou sen exhibila mesma en lugar visible do establecemento.

9.— En canto á venda de promoción:

9.1.— O incumprimento de calquera dos requisitos establecidos no artigo 21 da presente Lei.

10.— A venda practicada por calquera persoa non autorizada ou por comerciantes que incumpran os requisitos administrativos que existe esta Lei.

11.— A venda de artigos non autorizados.

12.— A negativa ou resistencia a subministrar datos ou facilita-la información requirida polas autoridades competentes ou polos seus axentes para o cumprimento das funcións de información, vixilancia, investigación, inspección, tramitación e execución nas materias ás que se refire a presente Lei, así

(8) Reprodúcese a versión orixinaria. O último inciso ("previsto nos artigos 11 e 12") do apartado 3 do artigo 44 foi declarado nulo e inconstitucional pola Sentencia do Tribunal Constitucional 228/1993, do 9 de xullo.

como a subministración de información inexacta ou documentación falsa.

Artigo 45

As infraccións ó establecido nesta Lei calificaranse como leves, graves ou moi graves.

Un.— Serán consideradas infraccións leves:

a) As simples inobservancias das disposicións contidas nesta Lei, sen transcendencia económica nin prexuício para o consumidor.

b) O incumprimento do disposto no artigo 13 da presente Lei.

Dous.— Serán consideradas infraccións graves:

a) A reincidencia na comisión de infraccións leves.

b) As infraccións previstas no artigo 44, apartados 1, 2, 3, 4, 6, 7, 8, 9 e 10.

Tres.— Serán consideradas infraccións moi graves:

a) A reincidencia na comisión de infraccións graves.

b) As infraccións previstas no artigo 44, apartados 5, 11 e 12.

Catro.— Hai reincidencia cando se comete unha infracción análoga á que motiva a sanción anterior no prazo do ano seguinte á notificación desta. En tal suposto requirírase que a primeira resolución sancionadora xa adquirise firmeza en vía administrativa.

Artigo 46

1. As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 250.000 ptas. O órgano competente para impoñelas será o Delegado Provincial correspondente da Consellería de Industria, Comercio e Turismo.

2. As infraccións graves serán sancionadas con multas desde 250.001 a 1.500.000 ptas. O órgano competente para impoñelas será o Director Xeral de Comercio.

3. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa desde 1.500.001 ptas. ata 50.000.000 de ptas. Os órganos competentes para impoñelas serán o Conselleiro de Industria, Comercio e Turismo desde 1.500.001 ptas. ata 10.000.000 de ptas. e o Consello da Xunta de Galicia desde 10.000.001 ptas. ata 50.000.000 de ptas.

4. O Consello da Xunta de Galicia poderá acordar, en casos especialmente graves, o pechamento do establecemento onde se produciu a infracción. En tal caso será de aplicación o previsto no artigo 57.4 do Estatuto dos Traballadores.

5. Non terán carácter de sanción a clausura ou o pechamento de establecementos que non contén coas autorizacións preceptivas, ou a suspensión do seu funcionamento ata que se rectifiquen os defectos ou se cumpran os requisitos esixidos.

6. A autoridade que ordene a incoación do expediente poderá decidir, como medida precautoria, a intervención cautelar das merca-

dorías cando das dilixencias practicadas se presuma o incumprimento dos requisitos mínimos esixidos para a súa comercialización.

7. En todo caso, para a graduación das infraccións e das sancións aplicables terase en conta a transcendencia social da infracción, o comportamento especulativo do autor, a contía global da operación obxecto de infracción, a contía do beneficio obtido con ela, a natureza dos produtos vendidos, a zona afectada, a categoría, clase e solvenza económica do establecemento.

Artigo 47

En canto ó procedemento para a imposición das sancións polas infraccións previstas nesta Lei e ós recursos que contra as resolucións poden interpoñerse, rexerán as normas establecidas na Lei de Procedemento Administrativo.

Artigo 48

As infraccións previstas neste Título prescribíranse se son leves ós dous meses, se son graves ó ano e as moi graves os dous anos.

O prazo da prescrición comenará a correr desde o día en que se cometeu a infracción.

Esta prescrición interromperase desde que o procedemento se dirixa contra o infractor, e correrá de novo o tempo da prescrición desde que aquel termine sen ser sancionado ou se paralice o procedemento por causa non imputable ó infractor.

Disposición adicional

As feiras e mercados tradicionais rexeranse polas súas normas específicas, salvo naquilo no que lles sexa de aplicación a presente Lei.

Disposición transitoria primeira

Ata que se dicten as correspondentes normas de desenvolvemento da presente Lei serán de aplicación as disposicións regulamentarias estatais ou autonómicas sobre as materias regulamentadas na mesma, actualmente vixentes.

Disposición transitoria segunda

Os Concellos que teñan en vigor ordenanzas que regulamenten a venda ambulante deberán adaptalas ó disposto na presente Lei no termo de seis meses, contados desde o día da súa entrada en vigor.

No prazo de seis meses, os Concellos onde exista venda ambulante e non conten coa correspondente ordenanza procederán a dictalas normas correspondentes, con suxección ó disposto nesta Lei.

Disposición derradeira

Autorízase á Xunta de Galicia para dicta-las disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento da presente Lei.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 1988

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente